Firmado por PRADA QUEIPO ROSA ANA - 10869361K
Fecha: 31/03/2017 12:04:09 CEST

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO CUARTO.- DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.-**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2017 aprobou o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do Servizo para a Xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames, sendo publicado no BOP nº 31 do 14 de febreiro de 2017.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes preséntanse a licitación deste servizo dúas empresas, Osventos Innovación en Servizos S.L. e M. Paz López Ponte.

O 2 de marzo de 2017 reúnese a Mesa de Contratación para a apertura e cualificación da documentación presentada polos licitadores na cal se adopta, entre outros, o acordo de excluír do procedemento a licitadora M. Paz López Ponte dado que non presenta a documentación en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorre, asinado polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, incumprindo así co establecido no artigo 80 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e as cláusulas 15 e 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Posteriormente, o 7 de marzo de 2017 procedese a apertura do sobre B que contén os "Criterios avaliables de forma automática. Referencias técnicas", sendo remitidas ao técnico da Área de Reforma Administrativa para a súa valoración.

Tras a emisión do informe de valoración por parte do técnico municipal, o 22 de marzo de 2017 a Mesa de Contratación reúnese para a apertura do Sobre C denominado "Proposición económica e criterios avaliables de forma automática" previa lectura do informe técnico de valoración, no cal se pon de manifesto a existencia dunha serie de discrepancias con respecto ao "Programa de actividades mínimo", que deriva na imposibilidade de cumprilo.

A vista do exposto no informe de valoración, a Mesa acorda propoñer a exclusión do procedemento á empresa Osventos Innovación en Servizos S.L, por incumprimento do "Programa de actividades mínimo" e propor a declaración de deserto desta licitación, ao non existir mais licitadores no procedemento.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluír do procedemento de licitación do Servizo para a Xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames, á licitadora M. Paz López Ponte por non presentar a documentación en sobres pechados, incumprindo así o artigo 80 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e incumprimento das cláusulas 15 e 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo.- Excluír do procedemento de licitación do Servizo para a Xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames, á empresa Osventos Innovación en Servizos S.L ,por non cumprir co programa de actividades mínimo a impartir establecido como anexo no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Terceiro.- Declarar deserto o procedemento de licitación do Servizo para a Xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames ao non existir mais

C.I.F.: P – 1500200 – I

Firmado por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B
Fecha: 31/03/2017 18:02:39 CEST

licitadores neste procedemento.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 30 de marzo de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria